



APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

Comercio no rural

A Consellería de Economía e Industria conta cun programa específico para incentivar a implantación de comercios en zonas rurais de Galicia e nas diversas rutas do Camiño de Santiago ao seu paso polas devanditas zonas, así como para promover a modernización dos comercios existentes nelas. A concesión das axudas correspondentes, que tamén se dirixen aos comerciantes ambulantes, fíxose pública no DOG do 12 de marzo, número 49, e enmárcase no Plan Ágora (Re-comercia).

De acordo coa orde, considéranse beneficiarios potenciais os comerciantes retallistas cuxas empresas non superen o dez traballadores e cuxos locais non superen os trescentos metros cadrados de superficie comercial destinada á exposición e venda ao público.

Así mesmo, poden solicitar estas subvencións os comerciantes que abran ou amplíen local no Camiño de Santiago, coa condición de que o 75% dos produtos ofertados estea amparado pola etiqueta Artesanía de Galicia, teña denominación de orixe galega e/ou estea recollido baixo a marca Galicia Calidade.

No caso dos comerciantes ambulantes, deben estar inscritos no Rexistro de Vendedores Ambulantes da Xunta, ter dez traballadores como máximo e realizar a súa actividade nos municipios rurais, é dicir, naqueles cunha poboación inferior a dez mil habitantes.

As axudas cobren o custo das obras e a ampliación da tenda, incluíndo a compra de mobles, a decoración e o equipamento comercial. Contemplan ademais os gastos no deseño e a execución de campañas publicitarias ou promocionais para captar clientes no territorio (cuñas publicitarias, banners, etc.) e a adquisición de vehículos comerciais.

Para os comerciantes ambulantes, son gastos subvencionables a adquisición de vehículos comerciais e vehículos-tenda de ata 3.500 quilogramos de peso máximo autorizado e dos toldos ou capotas empregados para protexer a mercadoría.

Trátase de subvencións a fondo perdido, que alcanzarán o 70% do investimento subvencionable disposta pola Dirección Xeral de Comercio no caso dos comerciantes que operen nas rutas do Camiño de Santiago, o 50% para os comerciantes polo miúdo e de ata o 20% no caso dos comerciantes ambulantes. O investimento máximo subvencionable será de 50.000 euros (IVE excluído) para os comerciantes retallistas con establecemento comercial.

O prazo de presentación das solicitudes péchase o 20 de abril.